

República do 1936

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Verbas de Antón Vilar Ponte

A BANDEIRA ERGUEITA

Galicia é unha Patria natural con lingua de seu. As dúas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os subrímes Precursores, sigúndose d-eiquí o seu fracaso.

Temos unha lingua propia, feita de Deus e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas nin dicionarios que axudaran a fixalos i-a pesares de cinco séculos de centralismo: lingua armoñosa que naceu do latín, desgaxada da albre da soberanía de Roma pra parir o castelán e-o portugués, pra vivire en trunfo con xeito internacional nas Cortes dos reis e nas xustas d-amore; lingua viva que entende moitos millóns de homes mais alá das fronteiras; que fixo dos galegos, lonxe da Terra, lazarillos espirituales dos casteláns.

É unha lingua así—máis extensa, máis práctica que a catalana—¿non é a nosa mellor arma? ¿Podemos esqueceras? Si a lingua e o escudo da personalidade dos pobos, mais forte cas armas. ¿Qué loitas ganaremos sin ela? Si a lingua, solamente da autonomía espiritual, as outras autonomías separadas. Valerán algo?

Hai pois, una política pra nós: a gran política da lingua. Si conseguimos intresar n-ista política os novos inteleituales i-as xeneracións que veñen, voltaremos a ser fortes.

Pobo que recobra a súa lingua recóbrase a si mesmo: péñzase como se fala, e fábase como se pensa. Cando morre un idioma morre un pobo. Por que a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home dixo Emersón é a metade de si mesmo; a outra metade é a súa expresión que é a que nos impuxo Castela facendo posibre que Galicia poidérase chamar, xenéricamente, Caciquia.

¿Non vos decatades xa do queremos? A redención de Galicia está n-istas dúas cousas: no fomento garimoso da lingua e no estudo dos nosos problemas económicos que non terán nunca, por que non poden tela, solución no actual réxime político hespañol. Por que Galicia é libre cambiá pol-a súa natureza e o arancel protector do feudalismo de Castela será sempre o oustáculo que nos impida poñerñs nas condicións da riqueza que teñen outros pobos d-Europa semellantes ao noso.

Falade i-escríbide e pensade sempre en galego, irmáns.

FENESTRA

Cando se discutiron as actas de Ourense—momentos antes de se facer ese enorme pastel que se fixo ao final e no que participaron moitos Pérez Madrigales—houbo un deputado que fixo esta interrupción: «Buena está Galicia». Esta interrupción produxo risas na Cámara.

Ningún deputado galego contestou axeitadamente e como se merecía esa irónica insolencia. Porque despóis de se ver o que pasou en Granada, Cáceres, Cuenca, Salamanca e tantas outras provincias ¿qué autoridade ten ninguén para producirse así, con semellante concepto de Galicia?

O caciquismo galego... Manido tópico que é mestor destruír n-ese concepto que á-él teñen os de fora.

O noso caciquismo, sobor todo cando se manifesta nas artimañas electoraes, é unha cousa inxeniosa, sutil, ademtrabel incurso en gran cantidade de aspectos. ¿Onde se pode comparar o que se exerce de xeito brutal, inhumán, salvaxe en moitas rexións hespañolas co noso? Si hasta n-eso Galicia é unha cousa diferente do resto de Hespaña. Hasta no caciquismo eisiste o «feito diferencial».

O caciquismo galego ten os seus matices propios que lle donan unha categoría. Ten certo ár europeo como compre ás características raciaes. ¿Qué enorme diferencia co caciquismo africán de Extremadura, Castela, Andalucía!...

¿Cómo sería posibel que o episodio de Lalín, por exemplo, poidera darse fora de Galicia? Episodio de Lalín que nas máns de un auténtico humorista sería máñifico tema para unha obra xenial da picaresca política. N-unha antoloxía literaria, que podería

facerse, encol da técnica caciquil en materia electoral en toda Hespaña, Galicia daría as millores e máis maravillosas páxinas. ¿Qué saben os de fora d-estas cousas! Carece de autoridade un n-ha Cámara que se manifesta con risas e acorda ao final o que acordou no caso de Ourense cando se lle presentaba unha mañifica ocasión de destruír un caciquismo particular precisamente para que no futuro ninguén poidera repetir a frase de «buena está Galicia».

¡Boa está toda Hespaña! decimos nós.

Hai que ser xustos co noso caciquismo e reconocerlle a superioridade que ten sobor dos demais.

O que sucede é que o están desacreditando por ahí adiante os que non o conosen exactamente.

Pero máis o desacreditan aínda os que, agora, andan a crear un novo, insulso, ramplón e cazurro, ao mesmo tempo que amparan e se agarran ao vello, pensando na conservación de unha acta, producíndose así unha mixtificación grolesca que desvirtúa as súas particulares características.

E non hai dereito. Compre unha xustificada protesta en nome do auténtico caciquismo galego.



LIÑAS DE LOITO

XOSE CABADA VAZQUEZ

En Linares, onde exercía o cargo de director do Instituto, acaba de morrer o gran poeta galego e querido irmán n o s o Xosé Cabada Vázquez.

Outro irmán máis que nós deixa. Outro faro senlleiro da nosa lirica que se apaga para sempre.

Como Manuel Antonio e Amado Carballo, Cabada Vázquez morre novo, mozo e cando aínda había de aportar á nosa literatura inxentes páxinas prodoito da súa extraordinaria cultura e inspiración.

A fada que sobor dos nosos homes e novos valores pesa de xeito teimante lévamos agora a Cabada Vázquez. Morre fora da Terra que tanto, amaba, como Xurxo Lourenzo.

Cabada Vázquez de i x a ademais de diversos poemas espallados en varias revistas nosas un libro de versos, «Vagalumes» cuia publicación aínda recente acadou para o seu autor posto destacado na produción poética galega.

Supoñemos que deixará outros traballos inéditos cuia publicación compre non solamente como o homaxe ao chorado irmán sinón tamén para que fiquen incorporados á antoloxía da nosa lirica.

Con dór fonda e coa alma amargurada por esta nova baixa nas fías dos loitadores da galegitude choramos a morte de Cabada Vázquez o irmán a quen agora tocoulle o turno mouro.

Acougue en paz e teñamos todos para o irmán que nos deixa unha oración patriótica.

Ronsel

Coidamos que o aprazamento das eleccións municipais terá tan soio unha duración de relativa e circunstancial brevedade. Así parece desprenderse dos comentarios que a prensa ven adicando ao asunto descontada a prensa reaccionaria que pretende tirar consecuencias imaxinarias pero favorábeles ao seu partidísimo, e así tamén se deduce d-un estudo, siquer suficientemente someiro, das causas que poideran motivar o referido aprazamento. Compre, pol-o tanto, non perder o pulo inicial e a preocupación suscitada n-istas derradeiras datas, encol da constitución dos novos Concellos, e seguir pensando en acadar un novo trunfo que faga máis viabel a consecución da autonomía pra nosa Terra.

Pero hai, ao lado d-ise fito primordial e fundamentalísimo de conqurimento d-unhas Corporacións municipais que sexan o espírito sinificativo e-a eispresión xenuína do que representa o Bloque Popular,

TRIBUNA LIBRE

UNHA PREOCUPACION

Está sendo unha gran preocupación para os republicáns os avances adequeridos arestora en Hespaña pol-as forzas marxistas. Preocupación en boa parte xustificada pero que coído exaxerada na maneira de a expoñer cando d-elo se fala, non púbricamente, sinon nas conversas que encol do tema é frecuente escoitar.

Do mesmo xeito e por semellantes motivos, axeitados a Galicia, Otero Pedrayo falaba d-elo no derradeiro número de A NOSA TERRA apuntando o perigo de desgaleguización que, ao seu xuicio, contén ese avance.

Queremos opinar encol do tema de reconocida actualidade e importancia, sinalando somentes algunhas das causas que o motivan.

Avanza o marxismo en Hespaña por moitas circunstancias que veñen impostas dende f ra. Pero avanza aínda moito máis porque as forzas políticas e sociaes que están na obriga de impedirlo non souperon enfrentarlle unha táctica nobre, comprensiva i eficaz. En troques de facilitar a solución, conservadora e progresiva, dos problemas de tipo económico que o xustifican e lle donan bandeira proselitista realizaron a política crudel, vengativa e torpe, do segundo bienio. Fixeron aquela campaña chamada ruidosamente «antimarxista» que non serviu para outra cousa que para aumentar as ringleiras das forzas marxistas e lles dar bandeiras a eito que n-unha enorme proporción infruiron no trunfo electoral do 16 de Febreiro.

Son principalmente as dereitas hespañolas, síntese das crases conservadoras, as responsábeles d-este avance actual do marxismo que incurso obrigou a axuntar, para maor eficacia na defensa, as xuventudes socialistas e comunistas, algunhas orgaizacións de tipo sindical e seguramente aos partidos socialista e comunista.

A posición, adobada con toda crás de matices por ruíns que fosen, á labouira dos primeiros Gobernos da República; a persecución sistemática ás forzas obreiristas perseguíndoas e condenándoas a fame do segundo bienio; as violencias exercidas pol-o Poder e acuciadas pol-a prensa e sectores dereitistas na revolta de Outono e tantas outras causas recentes, foron motor indiscutibel que serviron para que o feito do avance marxista acadara os caracteres que abrangueu arestora.

Ahí está agora o resultado d-esa labouira. Ten que ser, hoxe, o señor Azaña o que se encargue de voltar o problema ao seu verdadeiro estado e lle dar unha solución momentánea.

Unha solución que lle tire a virulencia que tén e que non pode ser outra que o cumprimento do programa integro do Frente Popular. Así resulta que as dereitas teñen os ollos postos na obra a realizar pol-o señor Azaña

para unha máisima facilitación da carta autonómica para Galicia, outros motivos secundarios, pol-o menos no plano das prioridades e categorías. Meditemos en que á maior parte dos Concellos de Galicia irá unha representación do noso partido, aínda que ela sexa exigua en proporción numérica. A nosa misión misión, pois, tén que quedar supeditada á traba d-unha intervención mínima—en casi todol-os municipios nos ceden un soio posto—que terá de aumentarse e medrar en heroicidade e sacrificio. Por iso compre que nos adiquemos a unha fonda preparación que faga idónea a nosa representación co ouxeto de que ista se poida impoñer pol-o seu prestixio e pol-a súa outa competencia. Que alí, en calquer Concello onde haxa un galeguista, a súa voz se faga escoitar pol-a ponderación das súas intervencións e pol-o conocimiento solvente e documentado das custións que trate de eisaminar i-eispoñer.

en quén depositaron, non sería con moito a rado, unha confianza. O que elas agravaron queren que se resolva agora a toda presa.

A Galicia vennos o problema imposto tamén por esas mesmas causas e sobor todo por unha principal que está intimamente relacionada: pol-o noso sometimento político a Hespaña. Como veu o monarquismo borbónico e o liberalismo ofcinesco de que fala Otero.

Si o monarquismo e o liberalismo non se axeitaron a Galicia non é culpa nosa. O Galeguismo político orgaizado é cousa de agora. Si n-este intre unha nova invasión nos amenza xa podemos facer nós, os galeguistas, algo eficaz non para impedirlo—pois a cousa non é fácil—pero si, pol-o menos, para que se axeite ao que Galicia é. ¿Qué podemos facer nós para elo? De ningún xeito imitar a conduta suicida e ineficaz do conservadurismo hespañol.

Lembro unha vella caricatura de Castela encol do comunismo que tiña un pé que decía así: «Si viñera falando galego...»

Vede o que importa. Non é xusto decir que todo esto «é doroso que chegue amparado por unha política galeguista».

A política galeguista atópase con esta realidade e fai frente a ela. Faino, ao meu xuicio, como debe facelo e como millor pode beneficiar o futuro da nosa Terra. Non fuxindo d-ela e moito menos opoñéndolle unha negativa oposiciónista contraproducente. Facendo que se axeite ao noso país, que reconozca a nosa intrínseca realidade, que se faga galego, n-unha verba. Millor, moito millor e máis comenmente, esto que outra táctica perigosa.

Si isto se conquire será Galicia e os que teñen un concepto particular do que é Galicia os que terán, no futuro, que agradecerlo.

Esta é unha das labouiras de maor envergadura que o Galeguismo anda a realizar. Pagamos todos canto poidamos para que rinda os seus froitos. Tendo en conta que por hoxe aínda os medios de que dispoñemos non son todo o poderoso que quixéramos. Pero si imos cara o conqurimento de unha autonomía, que por certo os marxistas apoiarán, coído eu, con entusiasmo, poderase realizar con máis eficacia esa labouira.

Galeguizar toda crás de influencias alleas que irrumpían aquí, xa que non podemos impedir, paréceme unha xurdia e patriótica labouira. I-esta é unha das moitas facetas na que a nosa obra galeguizadora tén que se deixar sentir.

Ollemos a cousa sereneamente i-estaremos todos d-acordo.

VICTOR CASAS.

Iste propósito ten que motivar correlativamente unha conducta inmediata que todol-os grupos deben normalizar. Convén que cada grupo, nas súas localidades respectivas, fagan un estudo compretado d-aqueles prob emas que teñan un intrés vital para economía da comarca correspondente. Istes problemas deben ser eispostos en programa de solucións concretas, eisstructurado a base das posibilidades con que conte a facenda municipal, que ha de ser tamén sometida a unha severa revisión en canto se refira a toda c ás de gabelas inxustificadas ou alegremente consinadas na pasada euforia.

Compre ter en conta que, no rural, os problemas teñen unha simplicidade optimista, en canto se refire á súa postulación. Non é o caso das grandes urbes, de temas complexos, que poden eisixir a proieción do especialista. A aldeia, e fácil de encadrarla n-un cuestionario de melloras: fontes, camiños, escolas, alumbrado, saneamento, etc.

Os grupos teñen a labouira diante de si. Que a acometan.

FALCOEIRA.

CHAGÓNS

PULSAR

A Mariñas del Valle

Ha realidás máis sotís que o recender das colleitas, o énevo paixonal de angueiras inoivadas en arelantes formas de expresión (de expresarse, de se exprimer, de ceibar o degaro do incontento), neste renovar de translacións. Decrebar de aquela cotiandade da eternidade pasaxeira, que paseiña, solerminamente fuge, sen fugir, de requintadas adolescencias divididas.

Ao son calado, pitagórico, das esferas os astros bailan. E ao seu danzar chámasele revolución.

...

O ceo unicolor non era nada. Non, non decía rén. A súa unidade non era xiquer capás de impór grandeza. Estaba carente de vida. Agora tempo espido dempóis de luarens prenos, tanto que as estrelas cón-tanse pol-os dedos, o reiseñor veu continuar unha sonata interrumpida. Máis ninguén durmirá. E moita a suma de graados insomnios

Hoxe—primadeira nada—son todo, ao noso redor, nociós inauguraes.

...

Non sei si sabrás; ou vol-o direi. No vagar, esteso encol da herba e á soma dun amieiro na mentras ao xorro de unha fontana iase enchendo un cántaro. Un cántaro que era algo asín como órgano hidráulico. Segundo ía caíndo a i-auga do xorro no cántaro—caixa de resoancias—daba unha nota cambiante. Diríase que o cántaro cantigaba con lingua de auga. E asín deica encher o cántaro, e a i-auga escorrendo pol-as beiras da súa boca, cantaba en infinitivo, en puntos suspensivos. O cántaro entraba na corrente do regato que da fontana do xorro nacía.

Logo o mestre, referindo ceibou: «as nosas vidas son os ríos que van dar á mar».

Ollando para a nosa Galicia, cántaro nacional, e escoitándoa non percebedes o tacolexo do infindo? Que no infindo bebe cada un segundo o pensador amigo morto, a continuidade do seu esforzo moral e creador. E como todos levamos belezas de infindo nas rexións da i-alma, asín, todo trocar nas tonalidades da paixase. O cántaro, cantando, sigue a se encher de renovos tradiconais pra voltar á tradición. Que a i-auga pegueira se non troque en tépeda e torba de bañeira.

Hoje—primadeira nada—todo anda, ao noso redor, nun mergullar de formas.

M. DÓNEGA ROZAS.

A DEREITA GALEGUISTA

Recentemente en Ourense e agora en Santiago, elementos que viñeron pertencendo ao noso Partido, en número pequeno pero que mereceron sempre o noso agarimo de irmáns, crearon como fai un ano en Pontevedra, a Dereita Galeguista.

Coidámonos no deber de decir algo encol d-este feito.

Os rumos actuaes da política fixeron coidar a estes irmáns unha, por nós respetabel, suposición de incompatibilidade disciplinaria, co noso Partido. E vanse d-el para dende outra organización traballar pol-a galeguidade.

O intre parécenos bó. Queremos confiar en que Dereita Galeguista conquira abrir os ollos e as concencias dereitistas galegas cara o deber de traballar pol-a defensa dos dereitos da Terra. Ogallá o conquiran. Si así fose, sería Galicia a beneficiada. E o galeguismo acadaría trunfos que teríamos que ollar coa complacencia obrigada.

Ten o Partido Galeguista unha ourentación crara, pol-o seu programa e pol-as determinacións das súas Asambleas, que está ratificada prenamente pol-a realidade.

Estes irmáns que, en certo modo, se consideraron incomodamente situados na nosa discipriña cumpren un deber de lealdade e de galeguismo pódose a traballar dende outro lugar elexido libremente por eles.

A súa ausencia é por nós respetada e lamentada. Pero non podemos impedila. Somentes arelamos que a cordialidade e o patriotismo inspiren o seu actuar no que lles desexamos unha longa ringleira de éisitos e que a eficacia corone a súa libre determinación.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

Pola morte de Vilar Ponte

Temos recibido unha carta da Federación de Sociedades Gallegas de Bós Aires na que comunican á nosa Segredaria Xeral que na derradeira xuntanza celebrada pol-a Federación acordouse enviarnos a expresión de sentimento que a morte de Vilar Ponte produxo aos milleros de galegos que se agrupan n-aquela entidade.

Ven firmada pol-o Segredario xeral e contén verbas emocionadas que agradecemos como tamén o saúdo que nos dirixen.

GRUPO DE BASTAVALES

En xuntanza xeral feita o día 1.º ficou constituído este novo Grupo galeguista, que conta xa con gran cantidade de irmáns, elexindo a seguinte xunta directiva:

- Presidente, Xosé Barreiro Mosquera.
- Segredario, Ramón Martínez Vidal.
- Tesoureiro, Florencio Picallo Noya.
- Vocaes: Xosé Vilas, Manuel Castro, Marcelino Casal, Manuel Montaña, Antón Chaves, Xosé López Barreiro, Manuel Bilouta, Xosé Moar, Arturo Fernández e Ramón Leborán.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

As actas de Ourense

No derradeiro número dábamos por feito que as actas de Ourense sería anuladas. Non somentes porque h abía razóns, indiscutibles, para a súa anulación sinon que ademáis, como saben os lectores, a Comisión de Actas acordáao así.

A prensa publicou o acordo da Comisión precisamente no intre en que o noso número anterior entraba en máquina. O que sucedeu despóis foi cando o número estaba feito.

Debemos unha certa explicación aos nosos lectores por este feito ao que somos naturalmente alleos. Por esa circunstancia e por unha que tén un valor innegabel e soberán. ¡Quén podía supoñer que sucedera o que sucedeu!

Coas actas de Ourense aconteceu algo anormal que non podemos explicarnos. Que non tén unha explicación lóxica. Todol-os dictamens da Comisión de Actas foron aprobados no Parlamento. Todos menos o de Ourense, exceición feita non se sabe por qué motivos poderosos.

Temos no noso poder detalles que revelan o improcedente do trasacordo. Leímos a reseña íntegra da sesión onde se fixo o que se fixo e por ninguén agardado. Sabemos a que aternos.

Por virtude do ilóxico sucedido a nosa provincia ourensán veuse privada de poder dar agora a batalla aos caciquismos n-ela imperantes. O señor Calvo Sotelo foi obsequiado con unha acta non ganada legal e democráticamente. O Frente Popularperdeu, seguramente, unhas actas que coidamos serían ganadas xustamente si a elección fose repetida.

Resiñémonos a todo esto. A política ten moitos recobecos. Algúns dos que é mester non existan si de certo se vai a transformar os procedimentos.

E seipan todos que éste é un novo sacrificio que fai o Partido Galeguista en aras de unha lealdade que non todos queren ou saben entender.

Grupo de Santa Cristiña de Vilaríño

- Elexiu a seguinte directiva:
- Presidente, Antón Iglesias.
- Vice, Xosé Valcárcel.
- Segredario, Manuel Fernández.
- Vice, Xosé Núñez.
- Tesoureiro, Alfredo López.
- Contador, Elias Nespereira.
- Vocaes: Manuel Cebreiros, Castro Molinas.
- Suprentes: Enrique Lorenzo e Bernardino Castro.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:
DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA
PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

Galicia pide, eisixe a limpeza absoluta de toda crás de caciquismos. Hai que destruír os vellos e non se poden crear outros novos.

Verbas aos escolantes galegos

O problema do ensino na Galicia

Voltamos hoxe a tratar de iste intrantísimo tema. Intencionadamente tivemos a forza de vontade de deixar pasar varios meses pra decatarnos si as nosas verbas de invitación alcontraban espíritos dispostos a traballar pol-a consecución das bases certíficas de unha pedagogía galega. Máis a realidade que asoballa os máis outos idealismos e as máis cumes iniciativas, eclipsóu tamén iste modesto chamamento noso, coa forza inmensurable do silencio.

Na Galicia ocorre sempre así. Paréz que o cerne íntimo da alma da Terra propende a iste asulagamento mental.

Hai pobos supersensíbeles ante o presente aferrados ao balbordo do intre que pasa. Nós, constituímos a antítesis de iste fenómeno. Somos un pobo inadaptado ao presente, a todol-os presentes da vida. O noso sino do tempo está condicioado por un futuro lonxano, infindo, diviño, e pol-a lembranza de un pasado cósmicamente remoto, pro vitalmente presente no universo mental da Raza.

Istas duas dimensións sintetízanse de tal forma que a arquitectura espítoal adoita frente as realidades do intre un sentimento de deslizamento ou preguiza coma si quixéramos evadirnos do presente, renunciar a íl, pra incorporarnos nas inquedanzas de un pasado que vive en nós e un futuro inasequible, perdido nas tenebrosidades de un máis-alén.

N-ista desadaitación de mente da Raza as realidades de cada momento histórico está tamén unha das múltiples razóns da nosa incompatibilidade de aición co sistema actualmente vixente, e sobor de todo un argumento inconvertible da nosa difenzal conceición do tempo con respecto a das demáis nacionalidades ibéricas. A nosa especial e peculiar maneira de conceituar istas formas vitales e a maneira de ser e de aición que se nos impuxo, artificialmente, deu orixe, no decorrer dos séculos, a ista desvalorización nacional que estamos sufrindo.

No futuro, cando a epidermis do home sexa máis sensíbel que hoxe, istos fenómenos paideumáticos serán o puntal máis sólido en que se ha de basar a nova eistructuración do mundo, e as formas xurídicas o políticas dos pobos.

...

A escola é un prodoito do presente pra o porvir. A súa misión é forxar coas armas que nos dá o presente as xeneracións do futuro. Saber dar aos alumnos unha conceición da vida o máis semellante que podamos prever do que será a vida no porvir. Saber vislumbrar ise inmediato futuro, apreixoalo, deleíticamente, intuilo, domeñalo coa forza comparativa do raciocinio e poñelo logo ao servico da causa educativa. Porque descubrinto stas confusas formas do fluir histórico endexamáis daremos orixe a isa terrible plaga de esquizofrénicos e inadaptados que os métodos vellos de educación crearon.

O problema do ensino, é pois un problema de adaptación, de subordinación as circunstancias cósmicas e vitales que concurren na xénese do organismo que queremos educar. Pro tamén un proceso de reaxuste a novas formas que terán de ser realidade.

Galicia por lei imperativa das súas

características etnobiolóxicas terá de ser moi preto unha nación ceibe e soberana.

¿Por qué nós, os escolantes galegos, non-os poñemos ao servico disa Patria que pronto será unha realidade? ¿Por qué non traballamos pol-a formación de un novo eixemprar étnico capaz de sentir e valorar a nosa Terra en toda a súa grandeza e integridade? ¿Por qué non aceleramos iste proceso de formación cibdadán si de todas formas e contra de todol-os outáculos haberá de realizarse?

Si o porvir de Galicia está nas nosas máns non debemos perder nin un soio momento. E tal a responsabilidade que temos que se fai preciso e inaplazable que troquemos inmediatamente de conducta para que o destino de Galicia non se malogre pol-a nosa culpa.

Temos a obriga de facer de Galicia un pobo ceibe, unha nación conscente do seu ser, que seipa valorar coma corresponde os seus bés culturaes, as súas creacións, o seu estilo de vida.

Temos a obriga de desenrolar no espírito da infancia un máis outo conceito da vida humán, unha máis forte i-estreita solidaridade racial, co ouxeto de encauzar a Galicia no rol dos pobos celtas e atlánticos do mundo.

O imperativo dos tempos que vivimos e sobor de todo a marcha ascendente da Nacionalidade Galega, eisixe de nós un esforzo contínuo e constante pra salvar o noso imperio cultural, as nosas formas de vida, a nosa honra, todo o que constituie ise paideuma grorioso que é o sér inmorredoiro da Galicia.

Si de verdade queremos pra nosa Terra un porvir brillante debemos de escomezar por cambiar a táctica educativa, pois pol-os procedementos en uso endexamáis lograremos que a nosa labourea de os froitos que en realidade debera dar.

Na Galicia faise precisa unha nova eistructuración no sistema de ensino que se adaiate as realidades vivientes do chán galego. Pois non temos dereito a seguir guiados por procedementos pedagóxicos que son un atentado moral a infancia do noso pobo.

AMADEO VARELA.

Grupo de Luintra

- Renovou a súa directiva cos seguintes irmáns:
- Presidente, Manuel Alvarez.
- Vice, Xosé M. Rodriguez.
- Segredario, Antón Rodriguez Lozada.
- Tesoureiro, Filemón Sánchez.
- Vocaes: Claudio Gómez, Ramón Gómez e Manuel Rodriguez.

Correspondencia administrativa

Xesús Reverter, Madrid.—Recibido xiro de pesetas 4 que abonan a suscripción deica fin Agosto.
Xaime Fernández, Montederrano.—Recibida a súa carta con 4 pesetas en selos que abonan a suscripción a que se refire dende Marzal deica Agosto.

Traballos de Encuadernación

Facer os encárregos na Imprenta LA POPULAR.—Charino, 7

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

PROBLEMAS AGRICOLAS Sursum corda

Invitado a dar o meu parecer encol da orgaización que debería darse aos servizos agrícolas de Galicia, comencarei por confesar que non podo concretar un criterio a prol del tal asunto e que ao meu xeito de ver os feitos principais do éxito dos servizos son: o persoal e os medios de que se dispón. Pol-o que atingue ao factor persoal, máis que o verdadeiro valor, intresan a vontade e o entusiasmo i-estas condicións eixen que se poida contar con unha compra independente política i-económica.

Medios

En canto aos medios de que se ha de dispoñer, son o complemento indispensable pois de pouco servirá a vontade si non se teñen instalacións axilitadas para as investigacións a realizar e meios para levar a cabo os ensaios i-estudos necesarios.

Para se decatarse da importancia dos servizos haberá que ver, anque sexa de conxunto, os problemas fundamentais da agricultura galega.

Galicia é un país eminentemente gandeiro pero cecais máis que esto deba ser o país típico do policultivo; é dicir canto maior sexa o número de prantas cultivadas, dentro das economicamente proveitosas, maiores serán o benestar do labrador e a riqueza do país. Outras rexións agrícolas viven de un ou de dous produtos, cereales, vide, laranxa, i-elo dá lugar a graves crisis ao fallar o cultivo fundamental.

Galicia é apta para casi todos os cultivos e defenderase millor canto máis abrangan dentro das posibilidades locais e sin esquecer o aspecto económico. Non debe estar exposta a crisis como a do Riveiro e Valdeorras por adicarse con excesiva predilección ao cultivo da vide e tamén debe estar defendida contra as vendas obrigadas de gando cando as condicións do mercado son desfavorábeles.

Millora do gando

Baixo o punto de vista gandeiro, hai que abordar dúas cuestións: a millora do gando e a alimentación do mesmo. A millora do gando, principalmente vacuno, pero tamén do de cerda i-menor escala do lanar, cabrío e cabalar é tema complexo cuia base principal ten de ser o establecemento de libros xenealóxicos coma base para unha ordeación xenética con premios de conservación, campeonatos de produción, etc. Cecais transitoriamente conveñan tamén os cruces industriais. Complementos necesarios serán os estudos das condicións hixiénicas, terapéutica, eficaz, o aproveitamento de produtos e o estudo das racións alimenticias.

A alimentación do gando ten de ser ampliada e millorada pol-a creación de pradeiras artificiais, extensión dos cultivos da remolacha forraxeira, leguminosas de inverno e primaveira, como a veza, soxa, trebol bermello e outras varias; formas de ensilado para aproveitamento e conservación da forraxe, etc. Capiduo importante ten de ser o estudo dos grans que convén cultivar, en relación co que se deduz do estudo das racións alimenticias.

Orgaización dos cultivos

Baixo o punto de vista que poideramos chamar puramente agrícola, orientado cara o policultivo hai que partir da orgaización dos cultivos que abranguerá tanto os que han servir de alimento ao gando como os que son para o consumo directo do home, ben no país ou ben para exportar ao interior ou ao extranxeiro e aqueles que poden servir de base para as industrias.

Dos cultivos propios do país, mainzo, trigo, patacas, centeo, etc., conviña intensificar e millorar algúns como os da froita e hortalizas i-engadir outros como o lúpulo e o tabaco que aumentando a riqueza do país poidan reducir o balance de pagos ao extranxeiro. Somentes en Galicia se pode producir lúpulo para todas as fábricas de carveza de Hespaña, e actualmente tráese casi todo do extranxeiro. Esta orgaización irá completada pol-a investigación, millora xenética de variedades, química do chán, etc. Convén notar que a solución dos problemas agrícolas galegos non está en aumen-

tar as superficies do cultivo sinon en intensificar a produción.

O cultivo galego é típicamente intensivo pero aínda cabe intensificalo máis aproveitando os progresos da técnica agronómica deica os lindeiros pesibeles. Non sinificará social nin economicamente progreso que un labrador para conquistar o dobre da produción de patacas, por exemplo, aumente ao dobre a superficie de cultivo sinon que no mesmo terreo duplique a produción a base de boas sementes, bóns abonos, etc.

Os terreos que resulten antieconómicos ou pouco menos para os cultivos agrícolas, deben ser destinados a repoboación forestal. Non embargantes, hai terreos moi extensos en Galicia que poderían converterse en fértiles terras de cultivo: falo das marismas rías galegas que fácilmente poderían sanearse e servir de asentamento a moitas familias campesinas.

Cultivos da viña e froital

Entre os cultivos que merecen mención a parte está o cultivo da viña cultivo levado con tal primor en Galicia, que causa admiración dos técnicos alleos pero no que fica moito que facer, en abonado, elección de variedades, etc., e sobor todo na elaboración dos viños, cuestión na que están máis atrasados os nosos viticultores.

Tamén debe resaltar a importancia de outro cultivo, que está abandonadísimo en Galicia, o cultivo froital, que podería proporcionar unha das principais fontes de ingreso para os bóns agricultores i-é unha especialidade que merece, por si soia, unha atención especial. Non somentes abrangue os que correntemente se chaman árbores froitales sinon os de froito seco, como a abelaira, o nocero e o castiñeiro que son base de exportación e podería ser incrementada considerabelmente. Non é mester insistir encol da importancia do castiñeiro en Galicia, anque teña problema tan grave como a enfermidade da «tinta», encol de cuio aspecto publicarei en breve un folleto describindo un novo tratamento.


Fitopatoloxía

Pol-o derradeiro, hai un problema común a todas as prantas cultivadas que é o fitopatolóxico, é dicir, o estudo das plagas i-enfermedades dos cultivos de cuia importancia pode dar idea a cifra de uns dous millóns de pesetas que anualmente se perden en Galicia pol-o ataque de diferentes plagas i-enfermedades.

En resume: os problemas que pol-a súa importancia merecen servizos agrícolas especiais son esquematicamente, como temos visto: millora do gando alimentación do mesmo orgaización e investigación agrícola xeral, viticultura i-enoloxía, cultivo froital e plagas i-enfermedades dos cultivos.

Algúns poden ser subdivididos en seccións importantes pero limiteime a sinalar aqueles grupos, ao meu xeito de ver máis importantes para a economía agrícola galega. E esta derradeira frase suxíreme outro grupo de problemas, tan importante como os anteriores, que son os problemas económico-agrícolas como son: o estudo económico de cada cultivo, a orgaización cooperativa para as vendas, a busca e creación de mercados, (non somentes para os cultivos típicos, sinon para os novos que se poidan introducir a regulación da produción no que sexa posíbel e como base de todo elo, a estadística.

PEDRO URQUIJO LANDALUZE
(Inxenheiro Agrónomo)



Van pasand-os anos indinos en que á sorte da nacionalidade galega, parecía morta e sin alento. No ceo, n-estes días, o sol, escribe cantos novos. A terra, libro no que lémos a cotío, tamén nos dá nas súas froes e nas súas paixases —célula dos sentimentos— que van sendo chegados «os tempos raio-lantes do noso himno petrucio», para que atraquemos, con valentía e dignidade, á barca embruxada de Galicia. Na proa temos de mariñeiros! a Castela e Picallo, e máis irmáns, que levan no peito a toleria da terra libre.

Non hai, na historia do home, en total as súas disciplinas, froito e ramos de loureiro, que non fosen, primeiro, sonos; despóis, ledicia e descanso. Os nosos días de hoxe, non son de sono. Que as campañas, soen, coas súas lingoas de ferro, as cántigas, nas que se escribiron, con bágoas e con sangue, os anxeios e as queixas da terra. ¡Qué cousas din estas cántigas, nas noites mornas do vrán, cando, de aldeia en aldea, van encendendo as almas; e dimpóis pérdense, logo, máis aló das áreas do mar!

N-estas cántigas, tendes o contido todo de qué falaban os poetas, nas súas colmas, nos seus papeles, os historiadores; e o os da xusticia e trabucos, nas súas liortas de largateiros do monte. Por iso, agora, que debemos atracar, o noso esforzo, ten que ser tan ancho, como á asoballada; e tan fondo, como á historia, que nos regalou Castela. E cando os nosos mariñeiros da proa, vexan e escoiten a canción da laboura nosa, han de rubir, con máis coraxe, para cravar, no cuine, a bandeira da autonomía. E entón, Galicia, de cara ao camiño do sol e do mar, terá verbas de agarimo e alento, para quen con ela sufriu; e para quen con ela espera... E esperanza, dimpóis do trunfo; évos humanidade.

¡Adiante, irmáns!

ANXILIÑO

Araño, Abril 1936.

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)
Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIÓNS,
TRÁNSITOS.
VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

A nosa terra

A Adeministración prega encarecidamente a todos os corresponsaes que aínda non liquidaron os recibos do primeiro semestre no seu poder activen o facelo con urxencia.

Si aínda non están todos cobrados deben xirar o importe de aqueles que os suscritores fixeron efectivos comunicando os nomes e procurando a rápida cobranza dos restantes.

Asimesmo pregamos a liquidación dos paquetes para a venda enviados deica o número derradeiro.

As necesidades adeministrativas obrigan a facer este prego que agardamos será atendido con dilixencia.

PROBLEMAS DO MOMENTO

Que o pobo galego troque de amos, pouco pode importar; que os amos seian galegos ou hespañoles, «tanto monta». O que importa, é que o pobo non teña amos

O trunfo dos partidos democráticos, nas derradeiras eleccións raizadas en Hespaña, ten que ser de positivos resultados pra á causa de Galicia, si se saben aproveitar ben as circunstancias que, pouco a pouco, irán xurdi do do trunfo das esquerdas republicanas, e dos partidos proletarios.

No orde particular, Galicia, n-estas derradeiras eleccións, redimiuse un pouco do pecado cometido n-aquelas do ano 1933, e rectificou, felizmente, aquela conduta de submisión i-acatamento, de que deu probas na dita ocasión ó votar para que o representasen no Congreso hespañol, ós máis decarados inimigos dos dereitos galegos.

Aínda que Galicia somentes houbese votado ás esquerdas republicanas, xa habería feito moito, pois, de solo, sería unha demostración de que non se estanca, de que vive o lando ao porvir e ten anxeios de liberación.

Pro, nas eleccións de Frebeiro, Galicia fixo algo máis que votar ás esquerdas; votou, tamen, á algúns homes que, ademais de ser esquerdistas, son auténticamente galegos, os cales, sen dúbida, farán no Congreso hespañol unha laboura de valor en beneficio i-axuda dos intereses galegos.

Por algo se encomenza. Certo é que somentes foron catro os homes escollidos pol-a opinión do pobo, pra que sexan, en Madrid, os verdadeiros portavoces da nosa terra (desgraciadamente, xa non son máis que tres, pois a morte levounos a Villar Ponte) os que ali, no Congreso, fagan ouvir a voz de Galicia, grávida de inqueanzas e ategada de arelas pr-ó porvir. B-n poideron ser máis; ben poideron ser todos os deputados por Galicia, homes encariñados con ela, conocedores dos seus problemas e deseiosos de facer laboura porveitosa, en pro da nosa terra.

Somentes foron catro. O pobo aínda non se decatou ben de cal é o seu deber nos intres en que o voto pode facer d-él un pobo dino e ceibe, ou un fato de escravos sin ideais e sin posibridades de redención.

Máis, xa adprende algo e, por algo se encomenza. Agora, dados os primeiros pasos pol o camiño da liberación, habendo votado ás esquerdas i-algunhos homes ategados de patriotismo, como son os deputados galeguistas electos, convén que se acelere o camiño dei-

ca ó propósito que nos xungue a todos: o conqueiramento da Autonomía.

Logo, co empeño que han de poñer os deputados galeguistas, coa facilidade que, por compromisos, por convencemento i-hastra por comenencia, dará o goberno central. Haberá posibilidade de conqueirar esa pouca cousa pol-a que vimos loitando dendes fai tanto tempo.

A loita, n-oustante, ten que seguir; sería cousa de tolos o creer que xa non hai máis que facer; aínda, pese ó que fica dito, a Autonomía non virá así por si, aínda teremos que agardal-a un pouco; ela virá quizabes, cando menos a agardemos, como veu a República, como veu o trunfo das esquerdas, i-é mellor que veña así, de súpeto, pra que nos obligue a encarnarnos, por forza, coa realidade, da que hoxe estamos aínda un pouco alonxados.

Non é, tampouco, o caso de coidar que todo sairá da acción dos deputados, pois, por moito que queiran facer, non les será posíbel facelo todo, como non será posíbel agardalo todo do trunfo das esquerdas nin d-elas mesmas, xa que todas esas cousas non serán máis que factores os que haberá que sumar o gran factor que falla: deseio, vontade e concencia do pobo de Galicia.

En todos os casos, conqueirada ou non, a Autonomía, no hai que coidar que ela soia unha cousa definitiva; pol-a contra, non ten de ser máis que unha cousa transitoria; un tramo máis no camiño a percorrer.

Por que, digase o que se queira, nin con Autonomía, nin con independencia, terá salvación o pobo galego, dentro do réxime económico e social en que se vive na actualidade.

Que o pobo galego troque de amos pouco pode importar; que os amos seian galegos ou hespañoles «tanto monta». O que importa é que o pobo non teña amos.

(De Galicia de Bós Atres).

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construcións

ESPECIALIDAD EN MACHIEBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1675

GALEGOS: Consumide CHOCOLATE fabricado en Galicia. Así defenderedes a economía da nosa Terra.

Chocolateiros galegos: Para defender os vosos intereses, os da vosa industria e os da nosa Terra, non debe haber ningún que non pertenezca a

Asociación de Fabricantes de Chocolates de Galicia

Redacción-Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º—Pontevedra
SUSCRICIÓN: 4 pesetas semes-
tre. Pago adiantado.
Número solto: 15 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX

Galicia, 10 de Abril de 1936

Núm. 409

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade coope-
rativa.
- IV. Galicia, célula de universa-
lidade.

PROELES

Centralismo, programa de dereitas

Salvo o núcleo reducido i-esco-
lleito da Dereita Galeguista que anda
a se constituir pol-a nosa Terra, po-
demois dicir que en Galicia as for-
zas de dereita e centralistas son si-
nónimas; centralismo e dereitismo
teñen idéntico, significado e análogo
denominador común. Son consus-
tanciaes en ideas e complementase
en acción.

Por eso, os vellos oligarcas, os
régulos do caciquismo, os xefes de
réguas, os reivindicadores do sen-
sualismo nepotista—que taes son
as forzas de dereita na nosa Terra—,
proclaman a todol-os ventos,
a necesidade de fortificar o Estado,
xunguindo nunha unidade artificiosa
e uniforme, o complexo da armo-
nía ibérica. Pra que sigamos vi-
vindo servilmente esta realidade no-
xenta, irritante e doxosa porque
decorren os nosos problemas. Pra
que as institucións e as concencias
individuales, continúen aferrolladas
ás diretrizes modeladas por cere-
bros criminaes. Pra que se mante-
ña sempre iste oprobio e negación
do libre xogo das forzas do home
e dos pobos.

Centralismo, programa das de-
reitas—podemos afirmar pol-o de
hoxe—xa que así poden seguir
impóndose as normas imperialistas
dos agrarios da meseta que foron
batuta de actuación no derradeiro
bienio. Porque co réxime centralista
dominían impoñen a súa fala, as
suas leises, os seus costumes, os
seus produitos. I-en troques, con un
sistema de ampla autonomía pra
os pobos peninsulares—autonomía

que está acorde coa complexidade
da vida moderna—presinten un es-
vairse das súas posturas falsas e
caducas, pra leixar paso a vieiros
que veñen xermolando unha cultura
nova e fonda, chea de esenciaes
de liberdade, acugulada de fermentos
europeos.

Contra disa política centralista
que encarnan hoxe señoritos cursis
e miméticos, e réguas de caducos
ex-ministros e fracasados gober-
nantes; a nosa bandeira de autode-
terminación integral para Galicia.

Contra do caciquismo tradicional,
que compoñen os homes que viven
do estómago, os que saturan amente
de xugos gástricos, os que bai-
xan o cerebro ao nivel do páncreas;
os nosos berros fortes tan atega-
dos de sentimentos, coma de cultura
idealista; e os nosos xeitos bari-
les que nos fan levar sempre a tra-
lla na man pra lle cruzar a cara aos
vellos prexucios.

Compre romper, cortar, pulveri-
zar a carroña, indo «pol-as nosas
glebas ispidas, pol-as veigas que
queren ser fértiles, pol-os soutsos
das nosas ladeiras, pol-as montan-
as de brancas fontes e pol-as
longas mariñas azues», a sementar
unha política limpa, acorde co es-
prito do país, ergueita de galegui-
dade e de tradición racial. Diste
xeito poderemos anular o turbio
proceder do dereitismo hespañol,
dentro do cal, nin a Dereita Gale-
guista chegará endexamáis a reali-
zar unha laboura de educación.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

**Está craro que nas outas esferas do
Poder hai o desexo firme de facer, ago-
ra unha verdadeira República.**

**Decátense a fondo d-elo os repubri-
cáns cuia conducta téñ que estar en con-
sonancia coa laboura purificadora que
se realiza dende arriba.**

Charamuscas

A única cousa agradable que se
produxo por virtude d-ese «acordo»
encol das actas de Ourense foi a eli-
minación de Villanueva e Fernando
Ramos.

Dous tránsfugas políticos que des-
aparecen do mapa. A representación
parlamentaria galega sofreu unha sa-
ludabel limpeza.

Unha lembranza, pol-o amor de
Dios, para D. Alexandro Lerroux Gar-
cía do que xa ninguén se lembra.

Ollade as voltas que o mundo dá.
Fai un ana chamábanlle as dereitas a
Azaña «el Verrugas», «el Azaña», «la
hiena» e todo aquel «elegante» reper-
torio no que ía inculido tamén o da
«fuga pol-a alcantarilla».

Agora, xa vedes. O señor Azaña é
gabado pol-as dereitas e se lle reco-
noscen as súas cualidades. Resulta
unha garantía para elas.

Moito ollo. As dereitas andan detrás
de un novo «ensanchamento da base
da República».

¿Picará o señor Azaña?

¿Non vos lembrades de aquilo de
«a por él»? Ese «él» era o xefe do Es-
tado.

Despois de aquela campaña dema-
góxica e burda, ademais de grotesca,
¿qué autoridade teñen para falar agora
os que a realizaron?

Un xornal madrileño extránase de
que tamén os aragoneses queiran o
seu Estatuto. Con ese motivo ten
unhas frases irónicas para Royo Vila-
nova.

A cousa non é para tomar en bro-
ma. Fai tempo que Aragón traballa
pol-a súa autonomía. Nada ten de
particular que agora o movemento des-
perte con forza. E o intre que compre
aproveitar i-é, ademais, que namén-
tras non se instituían varios Estatutos
a República non camiñará pol-o seu
vieiro propio e comenente.

En canto ao de Royo Vilanova,
ren. O día menos pensado por él, sal
Valladolid tamén pedindo a auton-
omía. Porque as cousas son así e a
razón, n-este punto, endexamáis esti-
vo da parte de Royo Vilanova.

Foi unha bandeira que él exprotou

Estetoscopio

O aplazamento «sine die» das
eleccións municipais téñ un indis-
cutibel valor pra nós. Pra os que
matinamos cotianamente en que
Galicia non está capacitada pra
elexir os seus concelleas. Así
como a Arcebispo de Sant-Iago é
andaluz. Así como o Rector da
Universidade Galega é castelán,
moi ben se podería completar un
programa «ad hoc» pra que todol-
os alcaldes dos nosos Concel-
los fosen maragatos. ¿Qué non?

Na concencia de todos está que
o Estado hespañol colleu a nosa
Terra, coma un infante, no seu
colo. I-ensíñoulle a falar con ra-
ces tan bautismaes, que aínda
hoxe nas pallozas do Cebreiro
síntese o latexar castelán daque-
la maternidade lingüística. I-ensí-
ñalle a manter as súas obrigas
e a negar os seus dereitos I-ensí-
ñalle a administrarse a prol dos
demáis. E a aturar cantos agravi-
os, sistemáticamente se lle infi-
ran. E a encher os camiños da
emigración co corpo dos seus fi-
llos. E cando a criatura galega
chega á adolescencia ¿qué menos
terá de facer que corresponder
con liberalidade á xenerosidade
e fé da nai? Sabendo que o creto
dos fillos cae sobor do creto de
quén os enxendra, Galicia adica
os entusiasmos máis fortes a non
traicioar os seus orixens xenéti-
cos. O Estado hespañol foi o que
fixo posibel no mundo antigo que
unha punta tan afastada, tan en
fisterre como a galega, puidese
aparecer ante ise mundo antigo
con almas de primeira calidade.
Velahí porque a aura, específica,
incitante do noso agradecimento,
rinde tributo agora ao Estado
hespañol: ¿Qué sexa il o que desi-
ñe alcaldes dos concellos galegos
a todol-os maragatos radicantes,
no país! Sería a única solución
pra iste problema noxento de se
querer gobernar os galegos por si
mesmos. Con qué dereito? A tute-
la maternal do Estado hai que
lle rendir un tributo máis explí-
cito que o da devoción: o da reali-
dade palpabel.

E co ilar, sintíndoa lalexar nas
entranas, poderíamos dende logo,
baixarmos aos infernos sin luxar-
nos.

SOLOVIO.



pero que xa non dá máis de seu. E os
intres non son para bufonadas.

Vede cómo o señor Lerroux podería
ser agora Presidente da República si
a súa conducta republicán non fose a
que foi.

E vede tamén como o señor Martí-
nez Barrio estivo no certo cando aban-
donou a campaña do seu antigo xefe.

Por si non houbera outras razóns de
máis peso ésta é unha ben craramente
demostrativa do elocuentemente tra-
bucada que foi a política feita en Hes-
paña no segundo bienio.

Non hai dúbida. Este é un Parla-
mento completamente reconstituente.
Boa falla facía.

AMARO DE VILAMELLE.

De nada valería que se limparan
os outos orgaismos do Estado si
abaixo persistira unha política caciquil
e antirrepublicán amparada polos
mesmos republicáns.

Novos tempos republicáns

O discurso do señor Azaña no Par-
lamento amóstranos de xeito nidio cal
é o pensamento do Goberno encol da
laboura que vai a realizar.

Certas medidas lexislativas de orde
gubernativo xa feitas indicannos unha
orientación francamente republicán e
renovadora.

O acontecido coa destitución do
señor Alcalá Zamora damos a tónica
que inspira ao Goberno. Cousa de tal
trascendencia non se podía facer si no
Goberno non eisistise unha inquie-
brantabel determinación endereitada
a que non se malogre o trunfo acadado
nas derradeiras eleccións no senso
de deixar construída con bases firmes
a República verdadeira que se dese-
xou cando a súa imprantación inter-
rumpida durante o bienio mouro.

Diante do xa feito temos motivos
máis que sobrados para nos sentir op-
timistas. Podemos ceidar que a Repú-
blica no adiante, non estará xa ameaza-
da de contaminación que a desvirtúen.
Vese que a experiencia do pasado
é o norte que marca o vieiro a
seguir pol-o réxime n-este intre de
recuperación.

As esperanzas postas pol-os autén-
ticos republicáns na obra do señor
Azaña e a mesma que, dende outro
punto de vista, tamén n-él depositaron
as forzas conservadoras do país deter-
miñan un período de tempo abundoso
en obras constructivas.

Podemos dicir que pol-o que atin-
gue a laboura republicán a facer den-
de as outuras do Poder hai motivos
para unha absoluta confianza e garan-
tía.

Pero eso non abonda. De nada va-
lería esa obra arriba si abaixo os mes-
mos republicáns e as autoridades
locaes non acompañan á obra do Go-
berno o seu actuar coa mesma dili-
xencia e orientación nididamente re-
novadora.

Hai que facer agora o que non se
fixo da outra vegada e que se resume
n-esta frase vulgarizada pero exactísi-
ma: Facer chegar a República a todas
partes.

Esto non se fai somentes con unha
lexislación boa e axeitada. O compre-
mento d-ela ha de ser a limpeza da
política local. A destrucción definitiva
do caciquismo. O poñer en máis de
verdadeiros republicáns, que sintan
na súa concencia a necesidade absolu-
ta de colaborar na obra, os mandos
de responsabilidade. Que os procedi-
mentos políticos de todo orde non se
asomellen en nada aos seguidos deica
agora.

Si así non se fai, a República non
ficará endexamáis definitivamente con-
solidada.

Vexan os partidos republicáns que
teñen a responsabilidade do Poder o
que lles compra facer n-este intre.
Decátense tamén—esto é moi impor-
tante—os homes que gozan de pre-
ponderancia na política gubernamen-
tal cal é o seu papel.

Non esquezan, úns e outros, que un
dos factores principaes que determi-
ñaron o entorpecimento sufrido pol-a
República nos dous derradeiros anos
débese en parte considerabilísima á
funesta e antirrepublicán laboura feita
abaixo pol-os que dirixiron a política
do primeiro bienio.

¿Pódese voltar a aquilo? De ningún
xeito si non é con unha absoluta irres-
ponsabilidade cuías consecuencias é
fácil supoñer.

Eis o problema máis importante do
momento presente. Da honestidade
política dos partidos e dos homes
pende e futuro da obra republicán
d-esta nova etapa que está sinalada
con un propósito nidio de facer unha
laboura definitiva sobor da que hase
de asentar o porvir do réxime.

Ante a mañitude da obra ben paga
a pena que todos, homes e partidos,
deixen a unha beira as intencións par-
tidistas e os egoismos persoaes que
de imperar malograrían este período
que a República está inaugurando e
no que todos puxemos vizasas ilu-
sións.

Eu

O moimento a Vilar Ponte

A suscripción aberta para erguer na Cruña un busto en
homaxe a Vilar Ponte está acadando un éxito grande
pol-as moitas aportacións que se están a recibir

E pensamento da Comisión que o busto poida ser inau-
gurado no mes de Setembro para o que compre que as
aportacións sexan feitas con rapidez ao ouxeto de que o
moimento responda ao pensamento dos iniciadores,

As aportacións das provincias de A. Cruña e Lugo de-
ben ser enviadas ao xornal cruñés «La Voz de Galicia» e
as de Pontevedra e Ourense a «El Pueblo Gallego».

A NOSA TERRA fai un chamamento a todol-os Gr-
upos galeguistas para que abran suscripcións e a todol-os ir-
máns para que fagan a maor cantidade posibel de aporta-
cións.

O moimento a Vilar Ponte ha de ser diño de obra in-
morrente que realizou o chorado irmán e os galeguistas es-
tamos no deber de contribuir a elo.

Leede e prodagade
"A Nosa Terra"